IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

RESOLUCIÓN do 4 de novembro de 2026 pola que se aproban e se fan públicas as relacións definitivas de persoas admitidas no proceso selectivo de acceso por promoción interna (código de procedemento PR461F) e no proceso de provisión por mobilidade (código de procedemento PR461J) nos corpos de Policía local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector, convocado pola Orde do 11 de agosto de 2026.

No *Diario Oficial de Galicia* número 158, do 21 de agosto de 2026, publicouse a Orde do 11 de agosto de 2026 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convoca o proceso selectivo de acceso por promoción interna (código de procedemento PR461F) e o proceso de provisión por mobilidade (código de procedemento PR461J) nos corpos de Policía local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector.

No *Diario Oficial de Galicia* número 166, do 2 de setembro de 2026, publicouse a orde pola que se modificou o obxecto da convocatoria da Orde do 11 de agosto de 2026 referida no parágrafo anterior.

Finalizado o prazo de presentación de alegacións e de acordo co regulado na devandita orde, esta dirección xeral

RESOLVE:

1. Confirmar como definitivas as listaxes provisionais de persoas admitidas no proceso selectivo de acceso por promoción interna (código de procedemento PR461F) e no proceso de provisión por mobilidade (código de procedemento PR461J) nos corpos de Policía local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector, convocado pola Orde do 11 de agosto de 2026, publicadas na páxina web da Agasp o 20 de outubro de 2026, conforme a resolución desta dirección xeral do 14 de outubro de 2026.

2. Confirmar que non se recibiron solicitudes para participar no proceso de provisión de mobilidade (código de procedemento PR461J).

3. O primeiro exercicio deste proceso selectivo de acceso por promoción interna, correspondente á proba de avaliación de coñecementos, terá lugar o 21 de novembro de 2026, ás 10.00 horas, na sede da Agasp.

CVE-DOG: ug389mz1-xsi8-7q03-7lw6-pfeh11fs6r39

Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o director xeral da Agasp, no prazo dun mes, que se contará desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou ben interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán do mesmo xeito, nos termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Estrada, 4 de novembro de 2026

Santiago Villanueva Álvarez
Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

CVE-DOG: ug389mz1-xsi8-7q03-7lw6-pfeh11fs6r39